



Concello de Vigo

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 12

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 29 de XULLO de 2014, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (sesión ordinaria (maio) do 2.06 e extraordinaria do 13.06.2014).

1.1.- Toma de posesión da concelleira do Grupo municipal Socialista, D^a María Olga Alonso Suárez. Expte. 936/1101

1.2.- Intervención dunha representante dos profesionais dos laboratorios especializados do Complexo Hospitalario de Vigo con motivo da situación que están a atravesar co seu traslado ao Hospital do Meixoeiro. Expte. 937/1101

2.- Declaracións institucionais.

3.- Ditames das comisións informativas:

XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE

3.1.- Aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi na cidade de Vigo. Expte. 361/449 (Rex. Pleno 923/1101).

3.2.- Compatibilidade para o exercicio da actividade de perito xudicial informático do funcionario D. Santiago Jesús Martínez Pardo. Expte. 1397/110 (Rex. Pleno 924/1101).

ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN

3.3.- Dar conta do Estado de Execución de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2014. Expte. 102386/140 (Rex. Pleno 922/1101).

4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.

5.- Mocións:

5.1.- Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno do Estado a aprobar o expediente de gasto e iniciar as obras da nova sede da Tesourería da Seguridade Social en Vigo. Expte. 929/1101.

5.2.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación do certificado de minusvalía para facilitar a tarxeta de estacionamento as persoas con minusvalía. Expte. 930/1101.

5.3.- Moción do grupo municipal Socialista, esixindo á Xunta de Galicia que nos estatutos da nova Fundación Galicia Obra Social (Afundación) conste como sede a cidade de Vigo e que nos mesmos quede blindada a permanencia da colección artística da Obra Social de Novacaixagalicia en Vigo. Expte. 934/1101

5.4.- Moción do Grupo municipal do BNG instando á Xunta de Galicia e ao alcalde de Vigo á mediación no conflito laboral de PSA Peugeot Citroën esixindo á empresa a inmediata readmisión dos dous traballadores despedidos. Expte. 921/1101.

6.- Asuntos ou mocións urxentes.

PARTE DE CONTROL

1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.

1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

1.3.- Dar conta da resolución da Alcaldía de modificación de delegación de competencias na Área Economía, Facenda e Contratación, de data 8.08.2013. Expte. 938/1101.



Concello de Vigo

- 2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**
- 3.- Comparecencias de membros da Corporación.**
- 4.- Mocións.**
 - 4.1.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a creación dunha nova liña de transporte ao CUVI que dea servizo ás zonas de Teis, Trav. de Vigo e Ramón Nieto. Expte. 925/1101.
 - 4.2.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal instando ao goberno municipal a establecer unha dotación orzamentaria para a elaboración dun plan de mobilidade en bicicleta para a cidade. Expte. 926/1101.
 - 4.3.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal habilitar un solar cos servizos básicos que garanta a salubridade e digna habitabilidade dos traballadores ambulantes das feiras en Vigo. Expte. 935/1101
- 4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.**
- 5.- Formulación de rogos.**
- 6.- Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día **29 DE XULLO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 23 de xullo de 2014

O ALCALDE

O SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL
DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez



Manuel Xosé Lorenzo Penela